

## DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DE OBRAS DE REPARACIÓN EN DISTINTAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 11-2020, por un importe total de 20.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020, para dar cobertura ás obrigas que se desprenden da execución de obras de reparación en distintas instalacións deportivas municipais.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/513 de data 01/07/2020, así como RCMOD Ref.: 52360/2020 por importe de 20.000,00 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 20.000,00 euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<b><i>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</i></b>	<b><i>IMPORTE €</i></b>	<b><i>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</i></b>	<b><i>Código proxecto</i></b>	<b><i>IMPORTE €</i></b>
34100.22609	20.000,00 €	34290.63200	20XX00032	20.000,00€
<b><i>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</i></b>	<b><i>20.000,00 €</i></b>	<b><i>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</i></b>		<b><i>20.000,00 €</i></b>

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.